



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE MEIGAS DE LAS HOGUERAS DE SAN JUAN DE LA CORUÑA PARA A CELEBRACIÓN DA FESTA DAS FOGUEIRAS DE SAN JUAN 2016

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente da Axencia Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia ten previsto formalizar coa Asociación de Meigas de las Hogueras de San Juan o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 15 de setembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por **obxecto**:

Constitúe o obxecto deste convenio establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia e Asociación de Meigas de las Hogueras de San Juan de A Coruña para a o apoio á difusión da celebración da festa Fogueiras de San Xoán 2016, que foi declarada de interese turístico no ano 2015, por considerar este evento como un dos elementos esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia.

A festa das Fogueiras de San Xoán de A Coruña, é un evento de prestixio que conxuga uns ritos ancestrais coas actividades lúdicas actuais que acadan o seu punto álxido coa celebración da “Noite da Queima”, na noite do 23 de xuño.

A Festa do Aquelarre Poético coa proclamación da Meiga Maior ou a Festa do Solsticio Poético, na que se proclama a Meiga Maior Infantil serven de prólogo a todo un mes de actividades que terá como epílogo a tradicional Homenaxe á Bandeira.

Feito singular o constitúe, cada 21 de xuño, a puntual colocación da fogueira de San Xoán no areal de Riazor. A figura dunha bruxa na que ao redor se satirizan vivencias das que foi

testemuña a cidade ao longo do derradeiro ano, forma o monumento de cartón pedra que será queimado na noite do 23 ao 24.

Á vista de todo isto ambas entidades estiman adecuado a participación nas actuacións de promoción da celebración da festa das Fogueiras de San Xoán que se desenvolverá no mes de xuño de 2016, por tratarse dunha cita consolidada na península ibérica que contribúe a divulgación, fomento e difusión do turismo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia , en virtude do disposto no artigo 9º do Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo, e no exercicio das súas funcións, a este órgano correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Segundo.- A Asociación de Meigas de las Hogueras de San Juan de A Coruña e unha asociación sen ánimo de lucro constituída co fin de realizar todas aquelas actividades de carácter social e cultural que sirvan para potenciar e dinamizar os aspectos tradicionais da noite de San Xoan e o seu entorno festivo e etnográfico.

Terceiro.- Non resulta posible promover a concorrencia competitiva, xa que Asociación de Meigas de las Hogueras de San Juan de A Coruña é a única entidade organizadora do evento.

Cuarto.- A través deste convenio, outórgase á Asociación de Meigas de las Hogueras de San Juan de A Coruña unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei

9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos